

## NOTIFICACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

**Convocatoria:** Orde do 12 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), DOG nº 104 do 2 de xuño.

**Entidade:** G36642726 Asociación de axuda aos toxicómanos Érguete

**Expediente número:** BS631A 2017/19

**Forma de inicio:** solicitude do interesado

**Procedemento:** resolución da subvención solicitada de programas

### ANTECEDENTES

1.- A entidade **Asociación de axuda aos toxicómanos Érguete** presentou a solicitude de subvención arriba indicada.

2.- A Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social unha vez consultada a base de datos do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, comprobou que a entidade cumpría os requisitos establecidos na orde de convocatoria, tanto no caso de non constar inscrita a entidade solicitante como entidade de iniciativa social, como, no seu caso, non estar o centro debidamente autorizado.

3.- A Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social emite certificado no que se constata o cumprimento por parte da entidade dos requisitos establecidos para acceder ás subvencións.

4.- A Comisión de Valoración de Subvencións, seguindo o procedemento de concorrencia competitiva, emitiu informe de valoración conxunto de todas as solicitudes presentadas para mantemento e realización de actuacións singularizadas (artigos 4.1.a) e 4.1.b)), seguindo o procedemento establecido e a ponderación dos criterios obxectivos de concesión establecidos no artigo 12.3. desta orde.

5.- A Comisión de Valoración de subvencións, asinou a acta de valoración conxunta de todas as solicitudes presentadas, e acordou a denegación e a concesión das solicitudes de actuacións prioritarias e non prioritarias de todas as tipoloxías seguindo o procedemento establecido e a ponderación dos criterios obxectivos de concesión establecidos no artigo 12.3. desta orde, acadando subvención na anualidade 2017 todas as actuacións solicitadas que cumpren os requisitos. Na anualidade 2018 acadaron subvención todas as actuacións das tipoloxías 4.1.a), 4.1.b)1º e 4.1.b)3º solicitadas que cumpren os requisitos, mentres que no relativo ás actuacións da tipoloxía 4.1.b)2º consideradas prioritarias a puntuación obtida pola última actuación subvencionada é de 26 puntos, non acadando subvención ningunha das actuacións considerada non prioritaria.

6.- Unha vez fiscalizado o gasto en conformidade pola Intervención Delegada, o director xeral de Inclusión Social, en virtude do artigo 14 e disposición derradeira primeira, resolveu a concesión e denegación das subvencións.

Por todo o anterior,



## NOTIFÍCASE

A concesión e/ou denegación da subvención solicitada para as seguintes actuacións coas contías e motivos que se indican:

<b>Tipo actuación</b>	<b>actuación</b>	<b>Resolución</b>	<b>Importe da axuda en 2017 (</b>	<b>Importe da axuda en 2018 (</b>
4.1.c	adquisición de equipos informáticos, servidor, electrodomésticos e mobiliario (centro de apoio social a procesos terapéuticos Érguete I)	concedida	972 €	2.555
4.1.c	adquisición de equipos informáticos, servidor, electrodomésticos e mobiliario (centro de apoio social a procesos terapéuticos Érguete II)	concedida	486,4	3.040,
4.1.c	adquisición de equipos informáticos, servidor e mobiliario (centro de apoio social a procesos terapéuticos Érguete III)	concedida	486,4	3.040,

**Operación cofinanciada pola Unión Europea**  
**Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**  
**Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social**  
*Unha maneira de facer Europa*